

Tomás Barros, poeta

Miguel González Garcés

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ GARCÉS, MIGUEL (2012 [1987]). “Tomás Barros, poeta”. *Nordés: 13 (II Data)*, 33-34. Reedición en *poesiagalega.org. Archivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1889>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ GARCÉS, MIGUEL (1987). “Tomás Barros, poeta”. *Nordés: 13 (II Data)*, 33-34.

* Edición dispoñíbel desde o 29 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

TOMÁS BARROS, POETA

MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

«Mais... ¿hai nemigo, ou somentes é o gran espectáculo da Morte, que nos envolve a todos na súa rede? Vai vindo a néboa mainamente».

Macia, suave, mainamente, foi vindo a néboa como dixo no seu poema «A néboa silandeira», un dos que hai tempo considerei antolóxicos de «Berro diante da morte».

Para min, a súa máxima significación acadouna na poesía. Un dos seus poemas máis fermosos foi o escrito co gallo da morte de Bello Piñeiro, «Maestro, es preciso...». Os acertos sucédense neste longo poema que non é posible agora transcribir enteiro:

«La última vuelta de una escalera de caracol te anuncia, oculto detrás de un caballete o un pino.

—Maestro..., es preciso..., es preciso enterrarte —te digo—.

—¿Cómo, —respondes— que hora es, cómo habéis podido llegar hasta aquí?

Y, de pronto, te escondes detrás de un piano o la estatua de un santo.

—Maestro, es preciso... —repite, repetimos—. Mas la cola de un pavo real y el guerrero que penden sobre una estampa china nos detienen el paso.

Tenemos que esperar, y nos sentamos, torpes, como si en vez de manos tuviéramos jarrones.

Pero al fin apareces, te disculpas, abres una ventana, nos muestras el paisaje; luego nos abres otra y otras...

Ved que vistas —prosigues, descorchando los muros obsequioso—.

E continúa o poema deica os setenta e catro versos que o compoñen sen decaer un momento, chegando ao final sen estridencia e con traxedia.

«Gárgolas», «El helecho en el tejado», «La estrella y el cocodrilo», «Los ojos de la colina», «Berro diante da morte», «A

imagen y semejanza», «Abraio», son os seus libros de poesía publicados. En 1952 fundou e dirixiu xunto con Miguel Carlos Vidal, a revista de poesía e crítica «Aturuxo», en Ferrol. Máis tarde estes dous directores tiveron a colaboración de Mario Couceiro. Ilustraba a revista Isaac Díaz Pardo e nos derradeiros números tamén Ricardo Segura. Os directores, poetas excelentes e críticos rigurosos, acadaron facer de cada un dos números de Aturuxo unha verdadeira antoloxía da poesía galega daquel tempo. Tamén fundou Tomás Barros, e foi codirector con Luz Pozo, «Nordés», coa axuda de Isidro Conde. Prepararon e editaron unha magnífica «Antoloxía da poesía galega actual», en 1978, de imprescindible coñecemento para todo o que queira ter unha clara visión da poesía galega contemporánea.

Dixen, en «Poesía galega de posguerra»: «...a intuición poética en «Berro diante da morte» flúe por dous canles diversos. Un deles traduce un expresionismo no que a realidade das nun plano universal, a través de aspectos moi definitivamente concretos. E no que subxace unha significación moi próxima ao misterio, con dimensión metafísica... O outro canle amosa o enfrentamento do poeta cunha realidade puramente existencial, conflictiva ou social. Con trama angustiada ou pescadante que se desenvolve en interrogantes sen posible resposta e enraizados na dor e miseria humanas...».

Na poesía do primeiro canle, a intuición do misterio, que en linguaxe máis filosófico que lírico podería chamarse categorial —e a interrelación entre filosofía e poesía compracía moito a Tomás Barros—, identificábase ás veces nel coa do Tao. Exemplo é «O petouto increíble», do libro «Berro diante da morte», no que o petouto na súa presenza informe e ameazante procura a sensación dunha forza incontrolable ao se mover, extrañamente, entre as casas e as xentes e dalles levedade ao mesmo tempo que minimiza o entorno. É unha forza escura e cósmica que actúa no concreto e inmediato:

*«Tudo era flebe
a seu carón,
namentras ía na moitedume
riscando o ceo
e as casas.
Tudo se facía pequeno,
perecedeiro,
tolo diante da súa presenza.
Fuxitivas,
as fenestras folguxaban...»*

Non é posible transcribir todo o poema. Coa súa tradución ao castelán publicado en «Poesía Galega de Posguerra».

Mais hai outro aspecto na poesía de Tomás Barros que, para entendernos poderíamos chamar kafkiano. Non só faise a gran pregunta existencial senón que se ten a sensación de padecer un proceso no que os xuíces están lonxanos, indiferentes ou agachados. Significativo é o poema «O mesmo laio sen medida» que publiquéi tamén coa tradución no libro citado cando inda estaba inédito o seu difícil libro «Abraio» do que despois formou parte:

*«Estou nista carce que non vedes
abourado con verbas
que vos non escoitades,
alucado dende outas paredes
intanxibles
que non acaban,
prisioneiro dun sono
que non ten espertare.
Ise que ten a chave ben o sabe,
que non teño coartada nin testigo
dos delitos que non houben
endexamais cometido.
Eisí é o caso estrano
dista estrana condena
sin xueces nin xuício».*

O mundo kafkiano, e o propio Kafka, foron obsesións, confesadas, de Tomás Barros. No seu poema «As miñas ouseisións»: «I é por elo que vou e veño / o longo da K de Kafka».

E entre as obsesións, a da morte. Ao asistir ao seu enterro non podía esquecer aqueles versos: «Tudas as chaves do mundo / virán ao meu enterro». E o arrepiante poema «Hai tempo que tiña de estar morto» que daba medo sempre e máis no tempo da que xa sabíamos inexorable enfermidade:

*«Conque
pola teimosa frecha
agachada en tudalas cousas
hai tempo que tiña de estar morto».*

Poucos libros leín máis reiteradamente e con anovado esforzo para intentar chegar a súa derradeira comunicación lírica que «Abraio». Mais en partes unhas claves últimas esvaíanse. Agora, despois da súa morte, candoouben a súa posición relixiosa, expliqueime, ao fin, a miña incompreensión. As concepcións filosóficas ou relixiosas as veces favorecen a comunicabilidade, mais noutros casos còmpre un coñecemento fondo dos principios nos que se basea a crencia para achegarse á obra que é a súa consecuencia.

Noutras partes do libro, sí. Están claras as intuicións e as consecución líricas. Inda que agora sexa, quizais, cando acade toda a súa tremenda dimensión algún poema como «Petrificado»:

*«Xa estou petrificado.
Xa non son os meus ollos o horizonte.
Xa din todo meu ser nosalcontros dos
[cumes,
nos ancos misteriosos dos recordos,
nas lámpadas das rochas,
no río das bagoas afondadas,
nas axotadas espranzas que fuxiron».*

Había, sí, unha precura da luz ou da Luz. Unha incansable e teimosa precura da luz. Constaba no seu poema, tamén de «Abraio», «Ren máis que luz»:

*«No meu fuxir de cervo
asexido por aseitados
i escuros pensamentos,
soio esto adeprendin:
que houbo unha Lus inmorrente no esco-
[menzo
á que ningún lle pode dar alcance,
unha Lus invisibre que o alaga todo
onde ningunha victima pode ser acoubada,
onde unha outa xusticia por enriba de todo
no seu relustro agarda».*

Mais, no mesmo poema, a tremenda pegada da desesperanza:

*«Non, non somos máis que sombras
derroucadas baixo un escintilar
de espadas e de espadas,
sombros apreixoadas contra o muro
dunha morte degredada
por unha man impervia».*

Moito teríamos que decir da vida e a labor e a poesía de Tomás Barros. Agora, cando sentimos, cunha punxente dor de amigo, que de xeito irremediable chegou a néboa.

(«La Voz de Galicia», 11-IX-86)